

FESTA DE EXALTACIÓN DA FROITA DE OUTONO

COLEXIO PÚBLICO DE ANDRADE

30 de outubro de 2009

II Concurso de Redaccións sobre a Froita do Eume

A AGFA do Eume, co obxecto de achegar ós máis novos o coñecemento sobre a froita autóctona e fomentar o consumo da mesma, convoca este Concurso de redaccións.

O Concurso rexerese polas seguintes

BASES

- I. Poderán participar tódolos escolares de ensino primario matriculados en Centros de Ensino do Concello de Pontedeume.
Establécense dúas categorías:
Categoría A: na que poden participar **rapaces de 3 a 7 anos**.
Categoría B: na que poden participar **rapaces de 9 a 12 anos**.
- II. Na **categoría A** os traballos consistirán nun debuxo alusivo ás froitas da horta, sobretodo ós froitos do país e as súas variedades.
- III. Na **categoría B** os traballos consistirán en redaccións que versarán sobre aspectos relacionados ca horta e, máis concretamente, cos froitos do país e as súas variedades, podendo ir acompañadas dun debuxo alusivo.
- IV. Os traballos serán individuais e a súa extensión non excederá o folio por unha cara, manuscrito ou mecanoscrito. O texto irá acompañado dun sobre co enderezo completo do autor/a, colexio no que está matriculado, curso, teléfono, etc.
- V. **Os traballos entregaranse antes do día 27 de outubro** nos centros educativos.
- VI. O fallo darase a coñecer publicamente na Festa da froita autóctona (Magosto) do CEIP de Andrade.
A entrega de premios será na CEIP de Andrade, o día 30 de outubro, as 11:30 horas.
É obrigatorio a asistencia dos premiados ó acto de entrega.
- VII. Concederanse os seguintes premios:
Categoría A: un premio de 100 euros en libros e material escolar.
Categoría B: un premio de 150 euros en libros e material escolar.
Premios de 100 e 150 euros en libros e material escolar a decidir por os premiados.
- VIII. O Xurado estará integrado por membros da propia AGFA do Eume e profesionais do ensino. O Xurado poderá declarar deserto –se os traballos non se ateen ós criterios requeridos- calquera dos premios anteriores.
- IX. Corresponde ó propio Xurado a interpretación destas Bases.
- X. AGFA do Eume resérvase a posibilidade de publicar os traballos premiados no momento e lugar que o considere convinte.

